

## OBXECTIVOS DA AULA

1. Ofrecerlles aos visitantes unha ampla variedade de informacións e propostas que permitan comprender mellor o problema dos residuos, fornecendo suxestións para o traballo posterior na escola e no fogar.

2. Transmitir coñecementos e, sobre todo, actitudes positivas cara á redución de consumos, a reutilización de materiais e a separación selectiva dos residuos xerados.

3. Crear entre os alumnos e os cidadáns unha actitude responsable como consumidores, contribuíndo a adquiriren a conciencia de que só unha mudanza nos hábitos de consumo que rexen a nosa sociedade pode solucionar o problema dos residuos no planeta






# RECICLATERRA

Centro de interpretación e divulgación da reciclaxe. Mougá-Ferrol

Concello de Ferrol  
Concellería de Medio Ambiente  
Telf.: 981 944 160  
e-mail: medioambiente@ferrol-concello.es



RECICLATERRA é un proxecto divulgativo de "la casa de las ideas" para



# RECICLATERRA

Centro de interpretación e divulgación da reciclaxe. Mougá-Ferrol

## INTRODUCCIÓN

A verba "lixo" significou de sempre algo despectivo do que cómpre nos desfacer. Por iso nos desentendemos dos residuos que xeran os produtos que consumimos.

Mais o aproveitamento das materias primas e o aforro de enerxía na produción de novos produtos son condicións prioritarias para a conservación do noso contorno. Neste contexto téntaselles dar un novo valor aos residuos, reducíndoos, reutilizándoos e reciclándoos. Para contribuír a esta mudanza de hábitos creouse o Centro de Interpretación e Divulgación da Reciclaxe RECICLATERRA.

Os destinatarios deste recurso medioambiental da comarca de Ferrolterra son tanto o alumnado dos centros educativos galegos coma calquera cidadán que teña interese na problemática medioambiental.

Resulta imprescindible concienciarnos as novas xeracións para que nos fogares e nas escolas seleccionemos os residuos, os depositemos nos colectores axeitados e sexamos responsables no consumo en xeral.

O centro incorpora catro áreas de actividade diferenciadas. Cada unha delas está dotada de paneis gráficos, maquetas, materiais e recursos que fornecen información sobre os temas primordiais en materia de residuos urbanos e reciclaxe.

## ÁREA 1: O LIXO

Nesta área expóñense conceptos que lles permiten aos visitantes diferenciar entre lixo e residuo, así como datos para tomaren conciencia do problema da eliminación dos residuos.

### \* GLOSARIO

- \* ETIQUETAS E SÍMBOLOS
- \* COMPOSICIÓN DA BOLSA DO LIXO
- \* FAGAMOS MEMORIA
- \* O LIXO COMO PROBLEMA
- \* SOMOS RESPONSABLES DO NOSO LIXO
- \* MAPA DO LIXO EN ESPAÑA

## ÁREA 2: OS RESIDUOS

Coñecer os distintos residuos é fundamental para a súa correcta eliminación. Por esta razón, nesta área móstranse os distintos tipos de residuos urbanos, o seu ciclo de consumo, as materias primas que os forman etc.

### \* A MATERIA ORGÁNICA

- \* O VIDRIO
- \* OS PLÁSTICOS
- \* OS METAIS
- \* PAPEL E CARTÓN
- \* XORNAIS E PUBLICACIÓNS
- \* O TETRA-PAK
- \* RTP (RESIDUOS TÓXICOS E PERIGOSOS)
- \* AEE (APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS)
- \* ROUPA
- \* MEDICAMENTOS

## ÁREA 3: O TRATAMENTO DOS RESIDUOS

Esta área ten por obxecto mostrar os camiños que seguen os distintos residuos no seu ciclo vital, así como a maneira en que os cidadáns poden colaborar na súa separación e depósito.

- \* ¿COMO NOS DESFACEMOS DOS RESIDUOS? VERTEDOIROS, INCINERADORAS, COMPOSTAXE, REICLAXE
- \* RECOLLIDA SELECTIVA: A ANTESALA DA REICLAXE
- \* ¿QUE PASA COS RESIDUOS?
- \* COMO FACILITAR A SEPARACIÓN DOS RESIDUOS
- \* ¿COMO SE RECOLLEN OS RESIDUOS?
- \* PUNTOS LIMPOS



**RECICLATERRA**  
Centro de interpretación e divulgación do reciclaxe. Mougos Ferrol

## ÁREA 4: OS 3 R

Nesta área preséntanse as vías actuais de solución ao problema dos residuos. Os visitantes poderán observar de cerca os produtos procedentes da reciclaxe dos residuos, logo da secuencia que seguen na cadea do consumo.

- \* OS 3 R: REDUCIÓN, REUTILIZACIÓN E REICLAXE
- \* REICLAXE DO VIDRO
- \* REICLAXE DO PAPEL
- \* REICLAXE DE TETRAS
- \* A CLAVE ESTA NA REDUCIÓN
- \* FRONTE A USAR E TIRAR, OPTAR POLA DURABILIDADE
- \* REDUCIÓN DE RESIDUOS PERIGOSOS
- \* REICLAXE DO PLÁSTICO
- \* REICLAXE DOS METAIS
- \* REUTILIZAR
- \* VIVIR DO LIXO